

Muhammad

Muhammad,
acurrunchado no colo do seu pai, é un paxaro
temeroso
do inferno do ceo: pai, protéxeme,
que saio voando, e as minas ás son
demasiado pequenas para o vento...e está
escuro.

Muhammad,
quere voltar á casa, non ten
bicicleta, nin camisa nova.
(...)

Muhammad,
enfóntase a un exército, sen pedras nin
metralla, non escribe no muro: "A miña li-
bertade
non morrerá" –aínda non ten liberdade
que defender, nin un horizonte para a pomba
de Picasso. Nace eternamente o neno
co seu nome maldito.
¿Cantas veces renacerá, crianza
sen país...sen tempo para ser neno?
(...)

Muhammad,
anxo pobre a escasa distancia do
fusil dun cazador de sangue frío.
un a un, a cámara axexa os movementos do
nenos,
que se funde coa súa imaxe:
o seu rostro, coma a mañá, está claro,
claro o seu corazón coma unha mazá,
claros os seus dedos coma cirios,
claro o orvallo nos seus pantalóns.
O seu cazador debería telo pensado
dúas veces: vouno deixar ata que saiba dele-
trear
esa Palestina súa sen equivocarse...
e xa o matarei mañá, icando se revolva!
(...)

Muhammad,
hai máis sangue do que precisan os noticia-
rios
e a eles gústalles: sobe xa
ao sétimo ceo,
Muhammad.

Mahmud Darwix



30 DE XANEIRO DÍA DA PAZ

LECTURAS PARA O
MARTES 29:

Poemas

Celso Emilio Ferreiro
Xosé María Álvarez Blázquez
Mahmud Darwix

BIBLIOTECA FERNANDO BLANCO
Inverno 2008

DIGO VIETNAM E BASTA

"Digo bomba de fósforo.
Apenas digo nada.
Digo lombriga e larva de carne podrecida.

Digo nenos de napal,
terror de noite e de selva,
fedor de cidade e cloaca.
Fame, suor, aldraxe,
pugas de aceiro, antropofaxia.

Digo guerra bestial,
tremos de terra, crime, lume, lava,
estoupido, verdugo
e mortandade en masa.

Digo gas abafante.
Apenas digo nada.

Digo yanqui invasor,
depredador de patrias.

Digo plutonio, pentágono,
esterco bursátil, palanca,
Presidente, gasoupa,
chuvia, amargura, baba.

Digo petróleo, ferro,
Mineral, trampa,
lobo, caimán, polaris, cóbrega,
miseria, diplomacia.

Digo devastación que USA, usa.
Apenas digo nada.

Digo Vietnam i está xa dito todo
cunha soa palabra.
Pra abranguer a vergonza do mundo,
digo Vietnam e basta."

ISE NENO DA RUA

Non é certo que os nenos teñan fame
Non pode ser.
Ben o sabedes todos
os que andades no mundo atafegados
á percura do pan dos vossos fillos.
Ises outros que vedes pola rúa
pedindo esmola,
non teñen fame, non, porque daquela
vos teríades morto de vergonza.
E ben vos vexo andar nos vossos
coches ou nos tranvías, a berrar de cousas
estranas: -iviva, beba, baba, bubai-
sen reparar naquíl esfarrapado
que coa mouro mauciña está petando
na porta de ferro.
Por iso penso que non é verdade
o que algún caviloso di dos nenos
que andan así petando pola vida.
-iNon, home, non!- lle dixeran a un
de aqueles
-A xente pasa leda.....iFora boa
que andivesen a rirse dos seus crimes! .

Xosé María Álvarez Blázquez
(Tui 1915-1985)

CELSE EMILIO FERREIRO (Celanova 1912–
Vigo 1979)